




SI

O Software libre nas empresas informáticas de Galicia

EDICIÓN 2016. RESUMO EXECUTIVO

Índice

I. Presentación

II. Principais resultados

- II.1 Posición global
- II.2 Tipoloxía de Software
- II.3 Formación en Software Libre
- II.4 Empresas como proveedoras de Software
- II.5. Análise sectorial e provincial
- II.6. Barreiras para non empregar Software libre
- II.7. Propostas de actuación e nicho de mercado

PRESENTACIÓN

Principais resultados dos indicadores sobre Software Libre integrados na “Enquisa ás Empresas TIC de Galicia”. Edición 2016.

Realizada polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Obxectivos:

Analizar a penetración do Software Libre nas empresas informáticas galegas desde unha dobre vertente:

- A implantación e uso do Software Libre nestas empresas
- A oferta de produtos e servizos de Software Libre aos seus clientes

Metodoloxía da enquisa do OSIMGA:

- 241 enquisas ás empresas informáticas con actividade en Galicia dedicadas ás actividades CNAE : 62, 63.11, 63.12, 58.2, 95.1, 46.5 que non son persoas físicas.
- Enquisa autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura
- Período de realización da enquisa: 12 de abril ao 29 de Xuño de 2016.
- A marxe de erro para o conxunto da mostra é de $\pm 5,87\%$.

PRINCIPAIS RESULTADOS



POSICIÓN GLOBAL

O 87,2% das empresas informáticas galegas empregan Software Libre nalgún equipo informático. Por 1ª vez, o 100% das empresas con 10 e máis empregados/as usan software libre tanto en ordenadores de usuario como en servidores

De 10 ou máis
empregados/as

100%

De 3 a 9
empregados/as

85,3%


De 0 a 2
empregados/
as

86,5%



EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Software Libre nalgún equipo informático (ordenadores e/ou servidores)
(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


EVOLUCIÓN do Software libre:

Período 2013-2016: +3 puntos

Último ano: +0,5 puntos

TIPOLOXÍA DE SOFTWARE


EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE NOS ORDENADORES
(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

← O 85,5% das empresas informáticas galegas contan con Software Libre nos seus ordenadores, incrementado o indicador en 3,9 puntos porcentuais respecto ao ano 2015.

EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE NOS SERVIDORES
(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

← O 64,9% das empresas informáticas galegas teñen servidores con Software Libre, superando un ano máis o valor do ano anterior.


TIPOLOXÍA DE SOFTWARE (II)

EMPRESAS CON SISTEMAS OPERATIVOS E APLICACIÓNS LIBRES NOS ORDENADORES
(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

EMPRESAS INFORMÁTICAS CON SOFTWARE LIBRE EN SERVIDORES
(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

ORDENADORES

O incremento da implantación do Software Libre nas empresas informáticas galegas débese ao aumento do uso das aplicacións libres, que experimentaron un incremento de 9 puntos no último ano.


SERVIDORES

No caso dos servidores a porcentaxe de empresas que contan con aplicacións libres, incrementouse no último ano en dez puntos porcentuais e sitúase en valores moi similares á porcentaxe de empresas informáticas con servidores que contan con sistemas operativos libres.

TIPOLOXÍA DE SOFTWARE (III)

APLICACIÓNS DE SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO DISPOÑIBLES NAS EMPRESAS

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

Aplicacións con maior porcentaxe de Software Libre:


Por 1ª vez, a presenza dos navegadores de Software Libre supera aos de Software Privativo

A supremacía do Software Libre nas aplicacións para a “Xestión de contidos web” é notable (16,4 puntos porcentuais superior)

A superioridade do Software Libre sobre o Software Privativo tamén se manifesta nas seguintes aplicacións: “Educación e formación a distancia”, “Desenvolvemento de Software” e nas “Aplicacións de deseño gráfico”.

FORMACIÓN EN SOFTWARE LIBRE

FORMACIÓN EN TIC RECIBIDA POLO PERSOAL TÉCNICO E USUARIO



Fonte: OSIMGA

Persoal informático

- Incremento de 4,5 puntos porcentuais

Persoal non informático

- Incremento de 9,5 puntos porcentuais

EMPRESAS INFORMÁTICAS COMO PROVEDORAS DE SOFTWARE

O 55,6% das empresas informáticas galegas que ofrecen produtos de software son provedoras de Software Libre.

Os produtos de software máis ofertados son:


Os sistemas de xestión de bases de datos (66,2%), software de seguridade (58,4%) e xestión de contidos de portais e páxinas web (58,2%)

INCREMENTOS DE PRODUCTOS DE SOFTWARE LIBRE	Aumento 2015 - 2016
Traballo colaborativo	5,7 puntos
Servidor de ficheros	3,5 puntos
E-learning	3,4 puntos
Xestión de contidos de portais e páxinas web	2,7 puntos

EMPRESAS INFORMÁTICAS COMO PROVEDORAS DE SOFTWARE

PRODUTOS DE SOFTWARE LIBRE QUE OFRECEN AS
EMPRESAS INFORMÁTICAS
(% empresas informáticas que ofrecen productos de software)


■ 2013 ■ 2014 ■ 2015 ■ 2016



Fonte: OSIMGA

ANÁLISE SECTORIAL E PROVINCIAL DO SOFTWARE LIBRE


DISTRIBUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE
SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

As provincias da Coruña e Pontevedra acadan as maiores porcentaxes de empresas con Software Libre en algún dos seus dispositivos.


DISTRIBUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre as empresas informáticas)



As empresas especializadas en “Tecnoloxía da información e servizos informáticos” son as que contan cun maior uso de Software Libre, acadando o 92,6%.

BARREIRAS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE


BARREIRAS DAS EMPRESAS COMO USUARIAS DE SOFTWARE LIBRE



A incompatibilidade cos sistemas ou interlocutores actuais do Software Libre e a complexidade ou o risco do cambio, son as principais razóns polas que as empresas non son usuarias de Software Libre.


O 53,3% das empresas que non ofrecen Software Libre aluden a que non o fan debido a que este non está na liña de negocio da empresa

BARREIRAS DAS EMPRESAS COMO PROVEDORAS DE SOFTWARE LIBRE



PROPOSTAS DE ACTUACIÓN E NICHOS DE MERCADO

Accións promotoras do Software Libre que demandan as propias empresas



Aspectos máis valorados polos clientes de Software Libre



Previsión optimista

A maior parte das empresas enquisadas apostan polo aumento do uso do Software Libre no mercado, concretamente o 46%.

O 11% de empresas informáticas que non ofrecen produtos de Software Libre prevén vender este tipo de software nos próximos dous anos.

galicia



Máis información: www.osimga.gal